



Enrique
Leirachá

Alexander
Marius

JACOB:

A revolución española,
a sua derradeira tentación

Cadernos Cenetistas

A Nosa Memoria: Os esquencidos

Nº 1



C.N.T.

ESTE É O PRIMEIRO NÚMERO DOS
CADERNOS CENETISTAS
COLECCIÓN
A NOSA MENORIA: OS ESQUECIDOS
E LEVA O TÍTULO
ALEXANDRE MARIUS JACOB: A REVOLUCIÓN
ESPAÑOLA, A SÚA DERRADEIRA TENTACIÓN
O AUTOR É ENRIQUE LEIRACHÁ GUTIÉRREZ
VAI SEGUIDO DO ESCRITO
POR QUE ROUBEI?
DE A. M. JACOBS

PUBLICAO A CONFEDERACIÓN NACIONAL DO TRABALLO
DE VIGO (GALIZA), E REMATOUSE DE IMPRENTAR NO
MES DE OUTUBRO DE 2003 NA IMPRENTA "TÓRCULO"
DA CIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

CORRIXIU O TEXTO XAN RON
DESEÑOU A COLECCIÓN NN.

VIGO, OUTUBRO 2003

EDICIÓN PARA A WEB: A CORUÑA, NOVEMBRO 2009



Alexandre Marius Jacob quedará para historia do libertarismo como o xefe da banda dos “Traballadores da Noite”, unha banda formada pola súa compañeira Rose Roux a súa nai Marie Berthon e outros camaradas que se propoñían a práctica do roubo dunha maneira científica.

Aínda que se lle vai a coñecer máis polo texto inculpatorio que leu ós xuíces da Audiencia de Amiens é que leva o nome de “Por qué roubei».

Jacob era anarquista partidario da iniciativa individual nos roubos para dedicar parte do beneficio ós necesitados. Despois de catro anos roubando en castelos, vilas, casinos e igrexas, a campaña orquestrada dende o xornal “Germinal” (1904) do que Jacob fora socio é que ía dicindo que roubaba os ricos para repartirlos ós pobres resultou ser un éxito propagandístico. A multitude encheu as rúas próximas a onde ían a ser xulgados berrando. ¡Viva a anarquía!. ¡Viva Jacob!.

Era un home mozo daquela tiña vinteseis anos, era baixo e forte e tamén lixeiro de movementos, ía ben vestido, abrigo negro de astracán, colo da camisa aberto e bombín negro.

-Póñase en pé. Dixolle o presidente do tribunal.

-Vostede está comodamente sentado.

-E ademais quite o sombreiro.

-Vostede está cuberto.

-Está aquí para ser xulgado. Debe amosar maior compostura e atender as normas de todo xuízo.

-¡Esto é unha mascarada!. ¡Unha parodia de xuízo e de xustiza!. ¡Terei consideración con vostede, cando trate coas mesmas consideracións ós traballadores!.

Despois de vivir unha infancia marcada pola figura do seu pai que era exmariñeiro de altura transformado en panadeiro é decidido a afogar en absentia a súa morriña polas grandes viaxes xunto as lecturas a Xulio Verne. Jacob anuncia a súa nai o aprobado final dos seus estudos, topándose con que a panadería está hipotecada e a piques de ir a quebra ó que o fai decidirse a embarcar nun vapor chamado “Tibhet” como grumete. Daquela a condición de grumete viña a ser como a dun preso, aparte de ter ó seu cargo tódolos traballos “servís” tamén tiña a práctica da sodomía, algo obrigado a bordo.

Nin o seu pai nin Xulio Verne lle dixeran nada deste aspecto, polo que decide abandonar o barco no porto de Sydney converténdose nun desertor, un delicto moi castigado .

Traballa en varios oficios, entre eles de limpabotas e dedicase ó roubo, para coñecer máis tarde a un francés que lle ofrece un posto abordo dun baleeiro, resultando co capitán era un negro que en vez de dedicarse a captura de baleas trataba con negros e brancos, sendo a súa maneira de actuar atacar a calquera buque pequeno a tiros de fusil, abordando logo e capturando a todo aquel que non resultara morto para vendelo despois como mercancia humana en Hobart ou na África do Sur.

Despois dunha destas campañas Jacob recibe a súa parte - oitocentos francos- unha cantidade moi elevada naqueles tempos e envíalla a súa nai, para fuxir despois do barco pois non podía aturar o espectáculo das masacres, enrolándose nun buque de carga que ía de volta a Marsella.

O chegar o porto é detido polos xendarmes acusado de desertor, non estando moito tempo na cadea gracias a súa nai que empregou como argumento que o seu fillo era menor de idade, pero Jacob quería seguir na mariña e cegar a oficial, polo que bota catro anos de longas travesías, estudiado nun miserable e noxento aloxamento para mariñeiros aturando as burlas e os ataques ó seu empeño, non podendo resistir o esforzo que así mesmo se impoñía, enfermado de febre durante unha viaxe a Costa Africana, desembarcando por este motivo en Marsella e permanecendo longo tempo en repouso.

Ante a necesidade de atopar sustento Jacob aprende o oficio de tipógrafo . dándose a circunstancia de que un obreiro da imprenta chamado Roques lévao ós mitins libertarios como recompensa ós seus adiantos no oficio. Jacob vai a comezar a interesarse e ler os clásicos do anarquismo Bakunin e Kropotkin ademais de colaborar no " L'Agitateur" e vai tamén distribuindo folletos, manifestos e proclamas a hora da saída dos oficinistas dos seus despachos, tirando segundo se di bombas fétidas mentres se estaba a dicir misa, para máis tarde ser detido por mercar explosivos na tenda dun drogueiro que resultou ser un confidente da policía, pasando seis meses na cadea.

A pesar da dificultade de atopar traballo despois de saír do cárcere, atópao pero en todos os casos a policía ía informando dos seus antecedentes ós seus patróns e estes van a despedilo. Esta situación danábao aínda máis pois remataba de xuntarse a Rosa, unha prostituta que el pretendía sacar do oficio e que formaría parte da súa banda. Pero o que colmaría o vaso ía a ser o rexistro policial na casa da súa nai no que atoparon un anel, que era segundo ela o anel do seu matrimonio, e segundo a policía roubado.

Quince días despois deste suceso Jacob alístase nas filas dos inimigos da sociedade, xunto os amigos que fixera mentres estivo no cárcere, asaltando o "Monte de Piedad" que sería o principio doutros episodios, traballando preferentemente a noite.

Despois do seu primeiro éxito ven a España onde vende parte do botín ingresando 50.000 francos na caixa da F.A.I o que lle vai a crear unha aureola de benfeitor por ser esta unha cantidade moi importante, feito este que se vai demostrar durante o proceso de Amiens.

Ó seu regreso a Francia rouba en varias notaría e desvalixa todo o que pode no Casino de Montecarlo.

- Eran uns ladróns. -dicia- Eses individuos especulan co diñeiro dos seus clientes.

Despois de ser denunciado por uns chivatos. Simula estar tolo ó ser detido, internándoo como tal nun manicomio, para despois lograr escapar.

Estivo en Alemaña e en Londres volvendo máis tarde a Francia con documentación falsa.

- Nunca deixei de ser anarquista, pero cómpre recoñecer que os anarquistas nunca chegan a nada. A sociedade burguesa segue gozando de boa saúde a pesar do anarquismo. O que fai falla é arruinar ós ricos e enriquecer ós pobres. Tal resultado non pode acadarse máis que sistematizando os roubos a grande escala.

Jacob era un home metódico. O primeiro que fixo foi arrendar unha quincalleiría en Montpellier a nome da súa compañeira onde lle enviaban a depósito todas as Caixas fortes do mercado para estudar a fondo o seu funcionamento, facendo chegar tamén de EE.UU, berbequís, tenaces e outros útiles, como disfraces e documentos falsos, poñendo a traballar ós seus colaboradores, agrupándoos baixo o nome de “Trabajadores de la Noche”.

O carácter industrial do grupo impedía que o beneficio fora repartido enteiramente entre os traballadores. Repartindo despois do roubo a ganancia entre os autores e cada un dos cales tiña a obriga de entregar á causa un 10 por cento como mínimo da cantidade percibida. Deixando tamén un fondo destinado para a preparación das seguintes operacións. Co resto do diñeiro cada traballador podía facer o que quixera.

Todo isto ía acompañado por unha rede ben artellada e que aseguraba a colocación dos obxectos roubados.

Os títulos e documentos “al portador” eran vendidos polos comisionistas dos axentes de cambio, os diamantes e outras pedras preciosas eran enviadas a especialistas en Amsterdam, os mobles e outros obxectos, reloxos de péndulo e pezas decorativas ían ó “Monte de Piedad” e os obxectos de ouro e prata eran transformados en lingotes por un fundidor anarquista para logo cruzar a fronteira.

Durante o xuízo o presidente da Audiencia lle reprochou o feito de que figuraran moitas igrexas, na lista de lugares roubados pola banda o que Jacob respostoulle que estes obedecían a crimes feitos poñendo a Deus como pretexto e que os cometidos en caste-

los e grandes mansións eran para quitarlle algo ás persoas ricas, que eran egoístas e afanosas de praceres, inxuriando os oficiais xudiciais, chamándolles lacaios do capital.

O certo é que só os escritores se salvaban. Nunha ocasión cando estaba a roubar nunha mansión dun tal Julien Viaud que era capitán de fragata, Jacob se decata de que o oficial así chamado era tamén Pierre Loti. Interrompendo a tarefa de desvalixar a casa e volvendo a poñer todo en orde, deixa unha nota que dicía:

-Habendo entrado por erro na vosa casa, non me é posible roubar nada a quen vive da súa pluma. Todo traballo merece un salario. Atila.P.S: Asunto dez francos polo vidro roto e o postigo danado.

A súa declaración final no xuízo constitúe unha manifestación de principios.

-Eu tamén desexaría vivir nunha sociedade onde non existira o roubo. Non aprobo o roubo e non o empreguei máis que como medio de rebelión apropiado para combater o máis inocuo de todos os roubos: a propiedade individual..... Como anarquista revolucionario, eu fixen a miña revolución. ¡Viva a Anarquía!

A consecuencia dun erro voluntario ou casual o seu expediente o presentaba como asasino incluíndo dúas mencións especiais, a do procurador da República que dicía: "Bandido excepcionalmente perigoso. Debe de ser vixiado con excepcional atención" e a outra do ministro do interior nos seguintes termos: "Este anarquista da peor clase debe ser illado dos demais condenados. Non se lle debe levantar o réxime de internación baixo ningún concepto".

Os "Trabajadores de la Noche" actuaron sen derramar sangue, máis que nunha ocasión en Orleáns, cando Jacob disparoulle a un xendarme feríndoo, o que foi cualificado de tentativa de asasinato, polo que tivo que responder del despois do proceso de Amiens e foi condenado a vinte anos de traballos forzados que foron sumados ó de cadea perpetua.

Jacob ía cumprir vintecinco anos de cadea, soportando neste tempo a sodomía obrigada entre os presos condenados por delitos

comúns, a podredume moral e os castigos que sufriu polas súas dezanove tentativas de evasión. Os seus verdugos aínda téndoo castigado, sentían un certo temor debido ó coñecemento que tiña do dereito e o ben que estaban levadas as súas reclamacións e peticións en moitos dos casos a favor dos seus compañeiros ante o tribunal daquela máis temido que o da inquisición, o Tribunal Marítimo Especial da Guayana.

A pesar das condenas nunca se desanimou, nin cedeu a cambio de ningún favor ou revisión da súa condena.

Durante o último tempo que pasou na cadea lerá e afondará moito na cultura anarquista.

A súa nai escribirá unha e cen veces a todas as autoridades para tentar de lograr o perdón ou a conmutación da pena, alegando a favor do seu fillo que nunca matara a ninguén, pero pasou o tempo e non recibiu resposta. Entre tanto María a súa compañeira morre.

Un 30 de Decembro de 1928 Jacob está en liberdade ca sorte de que a súa nai a que voltaba a ver despois de vintecinco anos, dous meses e oito días de separación faille entrega de dez mil francos que gañara traballando duramente de criada e ó xornal.

El non quería empregar o nome que o fixera famoso e cos cartos aluga un modesto departamento no distrito XII de Paris é ponse a vender xéneros de punto polos mercados.

Desexaría topar un clima ideolóxico semellante ó que imperaba a principios de século, pero o mundo estaba mudando e o anarquismo non era máis que folclore.

En Francia seguíase a publicar “Le Libertarie” e ó redor do seu redactor xefe Louis Lecoín, sindicalista, anarquista, pacifista e defensor dos obxectores de conciencia xunto a Sebastien Faure que daquela xa tiña setenta anos, agrúpanse algúns fieis. Una ducia tan só.

-Nin sequera en Rusia hai anarquistas- dicía Jacob a Faure- A Causa está perdida.

Non o está en España. A F.A.I rematará coa dictadura de Primo de Rivera.

Marius Jacob viviría aínda quince anos máis.

No verán do 36 cando se vía que a guerra civil española ía a ser longa e sanguenta, devolveu a mercancía que tiña en depósito e dixo:

-Xa son vello para pegar tiros, pero aínda podo prestar servizo.

A maneira en que pensou prestar dito servizo á revolución era proporcionándolle armas. Conquistando primeiro facerse recibir por un dos homes máis ricos e poderosos do século chamado Basil Zaharoff que era conselleiro oficial do almirantado británico, comerciante de armas e mecenas, para logo cegar o acordo de que este lle subministraba metralladoras a entregar en Francia, Suíza ou Inglaterra a pagar en ouro ou en lingotes.

Para procurar o ouro Jacob tiña unha idea. As riquezas das igrexas españolas. Unha recuperación dos tesouros que segundo o seu punto de vista os combatentes roxos facían mal ó empregalas como botín de guerra. (Esta idea fracasa a causa dos españois). Cando despois de tecer a súa rede de importación de metralladoras trasládase a Barcelona, atopándose que ningún anarquista está ó fronte das oficinas dos ministerios e comisionados da Generalitat.

-Os anarquistas estaban no fronte. Alí só había comunistas que coparan todos os cargos.

Foi enviado dunha oficina a outra e dun comisario político a outro, despedido con boas palabras e promesas. Rematando por preguntarse se algún daqueles co mandaban dun sitio a outro non tería outro interese co de impedir que se introduciran cambios naquela situación.

Desanimado Jacob volta á súa aldea, de novo anda a vender nos mercados dos pobos.

A tentación española foi a súa derradeira tentación.

Vivía en Bois-Saint-Denis, unha aldea preto de Reully e parecía ser coñecida a súa doenza de tipo reumático e o seu traballo de vendedor nos mercados. Jacob vivía só co seu can cego e andaba apoiado a un bastón. Os derradeiros días da súa vida víveos como

un asceta é vendendo a poucos o que lle quedaba do xénero, sendo ó parecer o seu desenlace voluntario e estraño. Atacado polo reumatismo, déballe noxo a idea de rematar de tal maneira.

Jacob vaise procurar libros que trataban sobre tóxicos e morfina. Facía cinco anos atrás morrera a súa compañeira Paulette, a única muller que o anarquista levou diante do alcalde para formalizar a súa unión.

-Camaradas, quero marchar con toda a lucidez. Si espero, tal vez me falte o valor necesario para facelo. Non quero correr o risco da senectude. E demasiado feo.

A súa derradeira vontade antes de preparar o seu tránsito era facer o amor outra vez, dábase a circunstancia que dende facía uns tres anos facíalle as beiras a muller dun amigo e que ao parecer era trinta anos máis nova ca el.

Prometéndolle ela os seus favores mais pensando el que así obraba como un traidor destruindo un fogar, foi a pedirlle permiso ó seu marido.

Así foi e expuxo, ao parecer, tan ben as súas razóns que o marido aceptou o adulterio como unha proba de amizade e de liberdade de espírito. Dise que foi na noite do 17 de Agosto de 1954, aínda que non é posible confirmalo do todo, segundo parece indicar un dos seus historiógrafos.

O 27 de Agosto ofreceu un banquete ós rapaces da aldea. Había nove rapaces de idades comprendidas entre os vinte meses os doce anos.

-Enchéron ben o bandullo. Se teño tempo mañá farei un pouco de limpeza para non deixar suxo. Se a roupa branca non está enxoita ídela atopar no tendal.

Deixábaa no seu testamento canto posuía ós seus amigos.

Na mañá do 28, cedo acendeu un lume de carbón e púxolle unha inxección de morfina ó seu can “Negro” que estaba enfermo e cego.

Antes de envelenarse Alexander Marius Jacob deixou a derradeira mensaxe:

-Roupa lavada, escorrida e secada, pero non planchada. Teño galbana, perdoarme. Atoparedes dous litros de viño rosado na alacena. Á vosa saúde.

Porque roubei

Señores:

Agora sabedes quen son: un rebelde que vive do produto dos seus roubos. Aínda máis, incendiei hoteis e defendín a miña liberdade contra a agresión dos axentes do poder. Puxen ó descuberto toda a miña existencia de loita. Sométoa, como un problema, ás vosas intelixencias. Non recoñecendo a ninguén o dereito a xulgarme, non imploro nin perdón nin indulxencia. Nada solicito a quen odio e desprezo. ¡Sodes os máis fortes!. Dispoñer de min da maneira que o entendades, mandádeme á cadea ou ó patíbulo, ¡pouco me importa! . Pero antes de afastarnos, deixádeme dicirvos unhas palabras.

Xa que me reprochades sobre todo ser un ladrón, é útil definir o que é o roubo.

Para min, o roubo é a necesidade que sente calquera home de coller aquilo que necesita. Esta necesidade maniféstase en calquera cousa: dende os astros que nacen e morren igual que os seres, ata o insecto que se move polo espacio, tan pequeno, tan ínfimo que os ollos poden a penas distinguilos. A vida no é máis que roubos e masacres.

As plantas, os animais devóranse entre eles para subsistir. Un non nace senón para servir de paso ó outro; a pesares do grao de civilización, de perfección, o home non se subtrae a esta lei senón é baixo pena de morte. Mata as plantas e os animais para alimentarse deles. Rei dos animais, é insaciable.

A parte dos obxectos alimenticios que lle aseguran a vida, o home

aliméntase do aire, da auga e da luz. Agora ben ¿veuse algunha vez a dous homes disputarse, degolarse polos alimentos? . Non que eu saiba. Sen embargo son os alimentos máis preciosos, sen os cales un home non pode vivir. Podemos estar baleiros durante días sen absorber substancias polas que nos facemos escravos.

¿Podemos facer igual co aire?. Nin tan sequera un cuarto de hora. A auga forma parte do noso organismo e énos indispensable para manter a elasticidade dos nosos tecidos. Sen a calor, sen o sol, a vida sería imposible.

Logo, calquera colle, rouba estes alimentos. ¿Faise diso un crime, un delicto?. ¿Certo que non!. ¿Por qué se reserva o resto?. Porque comporta un gasto de enerxía, unha suma de traballo. Pero o traballo é o propio dunha sociedade, é dicir a asociación de todos os individuos para acadar, con pouco esforzo, o máximo de felicidade. ¿É esta a imaxe do que hai?. ¿Baséanse as vosas institucións nunha organización deste tipo?. A verdade demostra o contrario. Canto máis traballa un home, menos gaña: canto menos produce máis beneficio obtén. O mérito non se ten logo en consideración. Só os audaces fanse co poder e corren a legalizar as súas rapinas . De riba a baixo da escala social non hai máis que canallada dunha parte e idiotéz doutra. ¿Cómo queriades que, cheo desas verdades, respectara tal estado de cousas?.

Un comerciante de alcohol o dono dun bordel enriquecese, mentres que un home de xenio vai morrer de miseria nun camastrón dun hospital. O panadeiro que amasa o pan teno en falla; o zapateiro que fai milleiros de zapatos ensina os dedos do pé; o tecedor que fabrica montóns de roupa non ten con que cubrirse; o albanel que constrúe castelos e pazos carece de aire no seu infecto cuartucho. Aqueles que producen tódalas cousas, nada teñen, e os que nada producen téñeno todo.

Tal estado de cousas non pode senón producir o antagonismo entre as clases traballadoras e a clase posuidora, é dicir folgazana. Xorde a loita e u odio golpea.

Chamades a un home “ladrón e bandido”, e aplicádeslles o rigor da lei sen preguntarvos se el pode ser outra cousa. ¿Se veu algunha vez a un rendista facerse rateiro?.

Confeso non coñecer a ningún. Pero eu que non son nin rendista nin propietario, que non son máis ca un home que só ten os seus brazos e o seu cerebro para asegurar a súa conservación, tiven que comportarme doutra maneira. A sociedade non me concedía máis que tres clases de existencia: o traballo, a mendicidade e o roubo. O traballo, lonxe de dar-me noxo, agrádame, o home non pode estar sen traballar, os seus músculos, o seu cerebro posúen unha cantidade de enerxía para gastar. O que me dá noxo é ter que suar sangue e auga pola esmola dun salario, crear riquezas das cales serei frustrado. Nunha palabra, dáme noxo dar-me á prostitución do traballo. A mendicidade é o envilecemento, a negación de calquera dignidade.

Calquera home ten dereito ó banquete da vida.

O dereito de vivir non se esmola, tómase.

O roubo é a restitución, a recuperación da posesión. No canto de encerrarme nunha fabrica, como nunha cadea; en vez de mendigar aquilo ó que tiña dereito, preferín sublevarme e combater cara a cara ós meus inimigos facendo a guerra ós ricos, atacando os seus bens..... Certamente, vexo que preferiríades que me sometera ás vosas leis; que obreiro dócil, fora a rebentar nun canto da rúa.

Entón non me chamariades “bandido cínico”, senón “obreiro honesto”. Con afago embaucandome; vós sodes menos abstractos, agradecédelles papel mollado.

Agradézovos tanta bondade, tanta gratitude, señores. Prefiro ser un cínico consciente dos meus dereitos que un autómatas, que unha cariátide .

Dende que tiven consciencia dediqueime ó roubo sen ningún escrúpulo. Non entro na vosa pretendida moral que predica o respecto á propiedade como unha virtude mentres que en realidade non hai peores ladróns cos propietarios.

Podedes estar satisfeitos de que este prexuízo calará no pobo xa que é o voso mellor xendarme. Coñecendo a importancia da lei e da forza, fixastes del o máis sólido dos vosos protectores. Pero parade a atención; todo ten un tempo.

Todo o que se constrúe pola astucia e a forza, a astucia e a forza poden destruílo.

O pobo evoluciona cada día, mirade que todos os mortos de fame, todos os miserables, nunha palabra, todas as vosas vítimas, instruídos por estas verdades, conscientes dos seus dereitos, armados con pancas, non vaian a asaltar os vosos fogares para retomar as riquezas que eles crearon e que vos lle roubastes. ¿Crees que serían máis desgraciados?. Creo que todo o contrario.

Se o pensan ben preferirán correr calquera risco antes que engardaros xemendo na miseria, o cárcere, a cadea, o patíbulo!. Diredes. Pero qué son estas perspectivas comparadas cunha vida embrutecida, chea de sufrimentos. O mineiro que gaña o seu pan nas entrañas da terra, sen ver xamais lucir o sol, pode morrer dun momento a outro vítima dunha explosión de grisú; o pizarrero que deambula polos tellados pode caer e facerse mil anacos; o mariñeiro coñece o día da súa partida pero descoñece se volvera a porto.

Un bo número de obreiros collen enfermidades fatais durante o exercicio do seu oficio, esgótanse, mátanse para crear por vós; e ata os xendarmes, os policía, que por un óso que lles dades a rillar topan a morte na loita que emprenden cos vosos inimigos.

Obstinados no voso estreito egoísmo permanecedes escépticos ante esta visión, ¿non si?. O pobo ten medo, parecades dicir. Goberná-molo co medo e a represión; se berra metémolo na cadea; se se mover deportámolo; se segue, guillotínámolo.

Mal cálculo señores, crédeme. As penas que inflixides non son un bo remedio, un paliativo, non é senón unha agravación do mal.

As medidas correctivas non poden máis que sementar odio e a vinganza. É un ciclo fatal. Dende que facedes rodar cabezas, dende, que enchedes cadeas e presidios, ¿ impedestes que se manifeste o odio?. ¡Respondede!. Os feitos amosan a vosa impotencia. Pola miña banda sabía que a miña conducta non podía ter outra saída co presidio ou o patíbulo. E podedes ver que isto non me impediu actuar. Si optei polo roubo non foi por unha cuestión de ganancias senón por unha cuestión de principios, de dereito. Prefe-

rín conserva-la liberdade, a miña independencia, a miña dignidade de home, antes de ser escravo a un amo. En termos máis cruz e sen eufemismos algúns preferín roubar antes de ser roubado.

Tamén eu reprobó o feito polo cal un home se apropia violentamente e con astucia do froito do traballo alleo. Pero é precisamente por iso que fixen a guerra ós ricos, ladróns dos bens dos pobres... Tamén eu quixera vivir nunha sociedade na que o roubo fora desterrado. Non aprobo e non usei o roubo senón como medio de rebelión para combater ó máis inocuo de todos os roubos: a propiedade individual.

Para destruír en efecto fai falla destruír a súa causa. Se hai roubo e porque hai abundancia dunha parte e escaseza doutra; é porque todo non pertence máis ca uns poucos. A loita non rematará ata que tódolos homes poñan en común as súas alegrías e as súas penas, seus traballos e as súas riquezas; ata que todas as cousas pertenzan a todos.

Anarquista revolucionario, fixen a revolución.

Veña a Anarquía.

Alexander Marius Jacob.

Bibliografía

- Barnard Thomas: "Jacob", Paris.1970
Georges Blond: "La grande armée du drapeau noir", Paris.1972
Docteur Rousseau: "Un médecin au bagné", Paris.1930
L.Lecoin: "De prison en prison", Paris. 1946
Albert Londres: "Au Bagné". 1924
Victor Meric: "Les bandits tragiques", Paris. 1926

Cadernos Genetistas



El 19 de JULIO de 1936
**Y SIEMPRE NUESTRO
COMUN OBJETIVO**

**APLASTAR AL
FASCISMO!**

OFICINAS DE PROPAGANDA C.P.T. F.A.I. J.J.L.L.